

Memoria xustificativa da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol

O 3 de abril de 2025, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración asinou un convenio de colaboración coa Diocese de Mondoñedo-Ferrol que ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para contribuír ao financiamento dos gastos derivados da consulta e expedición de certificados acreditativos da ascendencia galega ao colectivo de persoas emigrantes galegas e a súa descendencia co fin de que poidan acceder á nacionalidade española, así como de informatizar e indexar os datos rexistrados das persoas físicas contidos nos libros sacramentais dos fondos parroquiais concentrados no Arquivo Diocesano de Mondoñedo-Ferrol.

Para sufragar os custos das obrigas derivadas do obxecto do convenio, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprometeuse a achegar unha contía de 5.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0 (código proxecto 2015 00039) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Como órgano superior da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Secretaría Xeral da Emigración correspóndenlle, entre outras competencias a de procurar que a colectividade de emigrantes galegos e galegas e a súa descendencia manteñan e reforcen os seus vínculos con Galicia. Para isto, entre outras actuacións, vén prestando apoio a todas aquelas persoas que buscan familiares ou documentación que identifique a súa orixe, servindo de intermediaria entre elas e as fontes onde se gardan os arquivos xenealóxicos.

O Arquivo Diocesano de Mondoñedo-Ferrol ven realizando nos últimos anos accións de inventariado e depósito dos arquivos parroquiais dispersos por toda a xeografía da diocese. Estes arquivos constitúen unha fonte esencial para estudos e investigacións de tipo xenealóxico, demográfico ou social e son de gran importancia para o mundo da emigración, pois constitúen unha ferramenta clave que axuda a moitas persoas descendentes da emigración galega a demostrar a súa ascendencia.

Entre os fondos parroquiais atópanse os "libros sacramentais". Os párrocos anotaban nestes libros, que teñen o seu comezo no século XVI, a celebración dos diversos sacramentos administrados nas parroquias, como bautismos e matrimonios, así como as defuncións, facendo constar neles, ademais dos datos da persoa, o nome, data e lugar de nacemento, o nome e a orixe do pai e da nai e do avó e da avoa, así como o nome e enderezo do padriño e da madriña. Estes libros constitúen unha fonte de información xenealóxica, demográfica e social dun valor incalculable.



Para poder facilitar o acceso a este patrimonio documental faise precisa a súa indexación e difusión pola internet con respecto, en todo caso, á normativa de protección de datos, lexislación histórica documental e eclesiástica.

Con motivo da publicación, primeiro da chamada “lei da memoria histórica” (lei 52/2007, do 26 de decembro) e máis recentemente da Lei 20/2022, do 19 de outubro, de memoria democrática, incrementouse substancialmente o número de descendentes de emigrantes galegos na procura da documentación que lles posibilite acadar a nacionalidade española. Este incremento das persoas de orixe galega que demandan documentación de familiares ou lugares de orixe de antecesores provocou que a Diocese de Mondoñedo-Ferrol vise incrementados os custos das tarefas de busca dos documentos de filiación polo que, co fin de seguir prestando a atención necesaria ás persoas de ascendencia galega, é preciso incrementar o importe da achega da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración en 5.000 €.

Xa que logo, tendo en conta a addenda, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 14.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a sinatura dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

